

PSICOMOTRICIDADE: 2ª sesión

Profesor: Jose

Proxecto: As emocións.

Emoción: **ALEGRÍA**



A **psicomotricidade** ou educación psicomotriz en Educación Infantil pretende desenvolver, a partir do corpo e do movemento, as posibilidades motrices, expresivas e creativas dos máis pequenos e que mellor maneira de facelo en familia. A **alegría** é o motor que move a vida. Unha emoción fresca, luminosa e cálida, que nos fai ver o lado bo das cousas e que nos empuxa a sacar o mellor de nós mesmos.

Vouvos propoñer unhas pequenas actividades para seguir sendo felices. Comezamos...

- **Subimos ao tren da alegría.**

<https://youtu.be/iFceQRSO87g>

- **Cadeiras musicais.** As cadeiras musicais é un xogo de eliminación que implica xogadores, cadeiras e música, cunha cadeira menos que os xogadores. Cando a música se detén, o xogador que deixa de sentarse sobre unha cadeira é eliminado, sendo eliminada unha cadeira e o proceso repítese ata que só quede un xogador. Variante: no canto de cadeiras podemos usar coxíns, puntos no chan, etc. Se o desexades poderdes usar esta canción (a música xa para automáticamente):

https://youtu.be/_k0pcT8FYYg

- **Elefante tira bolos.** Preparar este xogo é moi sinxelo. Necesitas **medias de adulto ou infantiles e una pelota de tenis** para cada par. O xogo consiste en colocar uns bolos no chan (no seu defecto poden ser botellas, latas ou envases) e tratar de tiralos a golpe de trompa. Para creala só tes que meter a bola nunha das pernas da media. Colocala na cabeza e desfrutar intentando derribar todos os obstáculos.

Moito ánimo e ser moi felices!!!

Unha aperta.



Jose.

